


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

10 – 11 de outubro do 2020

XXVIII DO TEMPO ORDINARIO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Que ledos hoxe estamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir a fe en familia, e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Sempre que temos unha celebración familiar ou alguén nos convida a un banquete, fai que nos sintamos alegres e tratemos de vivilo con ilusión.

Hoxe Xesús convídanos ao seu banquete e para iso ponnos o exemplo dunha voda. Estamos todos convidados, sen exclusións. A porta está aberta para quen queira participar.

Pero a unha celebración non se vai por ir, nin por cumprir. Vaise con ilusión, con cariño, con interese por participar e poñer o mellor de nós.

Preparémonos a participar na celebración que Xesús preparou hoxe para nós e poñamos nela ilusión, cariño... o mellor de nós.

ACTO PENITENCIAL E COMPROMISOS

Celebrante: *É o momento de dar unha resposta á invitación que nos fai Xesús de participar no seu banquete.*

Para que os nosos erros diarios non os teña en conta, confiados pedímoslle perdón.

Monitor/a

➤ Polas moitas veces nas que renunciamos a encher o noso corazón co perdón, coa misericordia, coa comprensión e a escoita.

Señor, ten misericordia con nós.

➤ Porque non estamos dispostos a saír ao camiño da vida para ir ao encontro, invitar, coñecer, acoller e acompañar aos que ninguén invita, reconece, acolle ou acompaña.

Cristo, ten misericordia con nós.

➤ Porque son moitas as veces nas que nos cremos con máis dereitos que os que pensan, senten ou viven diferente de nós.

Señor, ten misericordia con nós.

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar no noso corazón e nosa vida. A todos o Señor nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Como familia presentámoslle ao Pai os nosos desexos para esta semana. Pedimos que nos axude a practicar o ben e a ser responsables cos nosos feitos nestes tempos de pandemia que por momentos parece complicarse máis.*

(silenzo)

Deus, noso Pai,
que a túa graza tome a iniciativa na nosa vida e nos acompañe sempre.
Que nos faga solícitos e constantes na práctica do ben.
Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s)

Monitor/a: *San Paulo ponse de exemplo aos cristiáns de Filipos na súa forma de vivir tamén nos tempos difíciles. Por iso insiste na confianza en Deus, que “cubrirá todas as vosas necesidades conforme á súa riqueza”.*

Pero a confianza en Deus non é deixarse levar, pois el conta co noso esforzo e traballo para poder superar as dificultades e resolver as necesidades propias e as dos outros.

LECTURA DA CARTA AOS FILIPENSES

Irmáns e irmás:

Hoxe sei vivir na miseria e na fartura. En calquera situación estou ensinado para estar farto e para pasar fame; para ter de abondo e para non ter nada. Teño forzas para todo grazas a quen me fai forte. Mesmo así, fixestes ben en tomardes coma vos a miña dificultade.

O meu Deus, pola súa parte, cubrirá todas as vosas necesidades, conforme a súa riqueza con magnificencia en Cristo Xesús.

Gloria a Deus, noso Pai, polos séculos dos séculos. Amén.

Palabra do Señor

♪ n° 7 *Andarei na presenza do Señor* SALMO

(en pé) Leccionario I A páx 267 Mt 22,1-14 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela Xesús púxose de novo a falarlles en parábolas aos sumos sacerdotes e aos anciáns do pobo:

-Parécese o Reino dos Ceos a un rei que celebrou o casamento de seu fillo. Mandou os seus criados ir chamar polos convidados á voda, pero estes non querían ir.

Volveu mandar outros criados, encargándolles:
- "Dicídelles aos convidados: Mirade que teño preparado o banquete, xa están mortos os becerros e mailos demais animais cebados; todo está disposto: ¡vide á voda!".

Pero eles, sen lles faceren caso, fóronse: un ás súas leiras, outro aos seus negocios. Os demais botáronse aos criados, maltratáronos e matáronos.

Entón o rei, todo indignado, mandou os seus exércitos, que acabaron cos asasinados aqueles e prendéronlle lume á cidade. E díxolles aos criados:

- "A voda está preparada, pero os convidados non a merecían. Así que ide ás encrucilladas dos camiños; e a cantos atopedes, convidádeos á voda".

Sáiron aos camiños os criados e xuntaron a todos os que atoparon, bos e malos, enchéndose de convidados a sala da voda.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Estamos invitados:

- “invitados” a vivir a fe sabéndonos invitados. Non estamos obrigados, tampouco o facemos por cumprir, nin é unha rutina máis. É a nosa responsabilidade.
- “invitados” a vivir a vida sendo acolledores, e coidadores de todo e de todos. Algo que se fai fundamental nestes tempos de pandemia, e que vemos, con vergoña, moitas veces lonxe dos que teñen a responsabilidade de gobernar
- “invitados” a vivir a vida dando unha man axudando a que se sintan parte da vida os enfermos, os pobres, os refuxiados, as mulleres que malviven violencia.



(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Neste encontro familiar, comprometémonos a poñer os mellores feitos para coidar e dar froito nesta terra que o Pai pon nas nosas mans. Crer e facer crible é ao que o Señor nos convida, e é o que agora rezamos:*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

***Credes en Deus Pai e Nai,
que na vontade de amar nos convida a facer da vida
unha mesa na que compartir?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes en Xesús,
que acolle e convida a todos a acoller,
sen facer diferenzas no camiño da fraternidade?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes no Espírito Santo
que alenta no corazón para amar
construíndo entre todos unha mellor humanidade?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

***Credes na igrexa,
familia dos homes e mulleres
que seguindo os pasos de Xesús
queren cooperar facendo do mundo
fogar do Reino de Deus?***

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos xuntos, con confianza naquel que nos convida a compartir hoxe o seu banquete. Dicimos:*

Grazas, Señor, por convidarnos

Monitor/a

- ✓ Convidados nesta Igrexa de casa, na que podemos vivir e celebrar a nosa fe coma unha festa que fai renacer a vida e a esperanza nun mundo desencantado, oremos
- ✓ Convidados nesta Comunidade, na que queremos valorar o traballo que día a día se leva a cabo no empeño de abrir as portas do convite a quen necesita, está enfermo ou ten dificultades, oremos
- ✓ Convidados nesta Parroquia, na que queremos ser crentes e cribles atendendo e dando unha man ante as necesidades de algúns dos nosos veciños, oremos
- ✓ Convidados nesta Humanidade, na que non podemos pechar os ollos ante a traxedia na que viven os refuxiados, oremos
- ✓ Convidados nestas horas de pandemia, nas que temos que dar exemplo coidando e sendo coidadosos, oremos

Celebrante: *Grazas Señor por abrírnos as portas da túa casa e convidarnos ao banquete da túa mesa. A Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: *Ao Deus que confía en nós e que nos convida ao banquete do Reino, rezámoslle dicindo:
NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Confíemos en Deus, fagamos da vida un convite. Non nos contentemos con facer as cousas por simple obriga e cumprimento, poñámoslle corazón, e así a paz de Deus estará preto de nós e poderemos compartila con todos.*

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

Celebrante: *Celebramos hoxe a fe, convidados por Xesús. El abre as portas a todos os que queren compartir con ilusión e cariño este banquete. Poñamos o mellor de nós e sintámonos en familia cos nosos irmáns.*

Ditosos nós que hoxe somos convidados ao banquete do Señor compartido neste noso fogar.

🎵 **O pouco que Deus nos dá**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Oremos:

Señor, a ti que nos dás exemplo
na Vida do teu Fillo,
queremos darche as grazas,
e tamén queremos agradecer
que nos teñas feito participar
da súa natureza divina.

Todo cho agradecemos a Ti
que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

*Con Xesús queremos ser unha familia que nos sabemos
invitados para o coidado da terra e da natureza*

*Con Xesús queremos ter un trato xusto e digno cos
demais procurando sempre unhas relacións humanas
baseadas na igualdade e no respecto*

*Que a celebración que agora rematamos nos dea azos
para vivir na coherencia de dar froitos para a loita
contra a COVID-19, sendo acolledores, como nos
convidou Xesús na parábola do evanxeo de hoxe*

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***



“Ide ás encrucilladas dos camiños;
e a cantos atopedes, convidádeos”.

“Saíron aos camiños
e xuntaron a todos os que atoparon,
bos e malos.”

Palabras na parábola de Xesús do evanxeo de hoxe.